



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
Desenvolvemento
Rexional e Local

Proxecto Aprendizaxe
e Servizo

Análise socioeconómica do
barrio de Vista Alegre

López Gómez, Iria
López Nieto, Iris
Mato Villamarín, Alberto
Míguez Rosario, Adrián

Grao en Economía

Maio 2019

Traballo de Desenvolvemento Rexional e Local presentado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela para o grao de Economía.

Índice

Índice	1
Índice de ilustracións	2
1. Introducción.....	3
1.1. Aprendizaxe - Servizo	3
1.2. Presentación e obxectivos.....	4
1.3. Localización xeográfica e historia.....	5
2. Vista Alegre na actualidade.....	9
2.1. A mobilidade	9
2.1.1. A infraestrutura viaria	10
2.1.2. O transporte público	11
2.1.3. Demanda de transporte	11
2.1.4. A mobilidade sostible: mobilidade peonal e ciclista	12
2.1.5. A problemática do aparcamento	13
2.2. Análise medioambiental.....	14
2.3. A estrutura económica	19
2.4. Análise social	20
3. Propostas para mellorar o espazo.....	24
4. Diagnose da situación da área urbana.....	27
4.1. Análisis DAFO: Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades.....	27
5. Novas do barrio en medios de comunicación.....	29
6. Webgrafía	31
7. Anexo	32
7.1. Cuestionarios empregados para os diferentes axentes.....	32

Índice de ilustracións

Ilustración 1: Aprendizaxe e servizo	3
Ilustración 2: Mapa da delimitación de Vista Alegre	4
Ilustración 3: Ubicación de Vista Alegre	5
Ilustración 4: Residencia Burgo das Nacións	6
Ilustración 5: Primeiras vivendas de Vista Alegre.....	7
Ilustración 6: Inicio estrada DP-0701.....	10
Ilustración 7: Mobilidade do barrio.....	12
Ilustración 8: Señal de estacionamento.....	13
Ilustración 9: Colectores subterráneos	14
Ilustración 10: Colectores exteriores	15
Ilustración 11: Casa de Europa	16
Ilustración 12: Centro de Estudos Avanzados da USC	16
Ilustración 13: Escola Municipal de Música/Escola de Altos de Estudos Musicais	17
Ilustración 14: Museo de Historia Natural da USC	17
Ilustración 15: Sede da SGAE/Fundación Autor.....	18
Ilustración 16: Parque de San Xoán.....	18
Ilustración 17: Pequenos negocios.....	19
Ilustración 18: Rehabilitación de fachadas e elevadores.....	22
Ilustración 19: Cableado colgante	22
Ilustración 20: Remodelación das rúas unidireccionais.....	24
Ilustración 21: Cableado colgante II	26
Ilustración 22: Novas de Vista Alegre.....	29

1. Introducción

1.1. Aprendizaxe - Servizo

O aprendizaxe-servizo é unha metodoloxía educativa innovadora que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun único proxecto. Neste tipo de traballos, o alumnado comprométese a mellorar una serie de necesidades reais (sociais, ambientais, culturais...) que están presentes no entorno que están a analizar. Isto lévanos a poder concretar que o obxectivo dos traballos ApS é que os integrantes poidan aprender ao mesmo tempo que fan un servizo á comunidade.

Non debemos confundir este tipo de proxectos co voluntariado e co prácticum, xa que aínda que estes sexan outro tipo de iniciativas de educación experimental, non se produce una relación recíproca entre o aprendizaxe académico e a prestación dun servizo á comunidade. No caso do voluntariado, a diferenza co aprendizaxe-servizo, é que non conta cunha orientación estritamente académica, senón que se orienta máis cara ao servizo. Por outro lado, o prácticum pon o seu foco, en vez de no compromiso social como no caso do ApS, na mellora do aprendizaxe académico do alumnado.

Ilustración 1: Aprendizaxe e servizo



Fonte: Guía de aprendizaxe-servizo para el alumnado.



Como consecuencia do explicado podemos afirmar que este tipo de proxectos contan cunha serie aspectos positivos tanto para o alumnado, como para as organización sociais e a comunidade. Isto é así, xa que é unha proposta educativa que proporciona uns métodos de aprendizaxe eficaces á hora de formar aos estudantes tanto a nivel académico como persoal. Promove un maior compromiso coa comunidade a través do contacto directo do alumnado con esas necesidades reais, ademais tamén permite levar á práctica os coñecementos adquiridos na titulación ou na materia e incluso serve para incrementar a autoestima, autoeficacia e autoconceito do alumnado, ao ver que o seu coñecemento ten aplicabilidade.

1.2. Presentación e obxectivos

No presente traballo realizamos unha análise socioeconómica do barrio de Vista Alegre, mediante o cal nos informamos acerca das principais vantaxes e inconvenientes que existen, a día de hoxe, nesa zona concreta do Concello de Santiago de Compostela. Desta forma, conseguimos cumprir o primeiro dos obxectivos deste traballo: coñecer as necesidades reais e a estrutura económica de Vista Alegre.

É importante destacar que a información e os datos que se mostran ao longo desta análise socioeconómica fan referencia, unicamente, ás seguintes rúas do barrio de Vista Alegre: Rúa das Salvadas, Rúa Vista Alegre, Avenida de Castela, Rúa Rianxo, Rúa de Santa Comba, Rúa de San Xoán, Rúa Diego Bispo Peláez, Rúa Noia e Rúa Santa Uxía de Ribeira.

Ilustración 2: Mapa da delimitación de Vista Alegre




Hai que facer especial fincapé en que dito estudo levámolo a cabo baseándonos na metodoloxía de aprendizaxe-servizos, explicada no primeiro apartado do traballo. Isto significa que toda a información, que se mostra nos seguintes apartados, foi obtida de primeira man, a través do contacto directo co barrio mediante a observación das rúas que son obxecto de análise e a realización de entrevistas a establecementos comerciais e hostais situados no barrio, a estudantes que viven durante o curso alí, a persoas que levan vivindo alí toda a vida e ao presidente da asociación de veciños (Asociación de veciños Álvaro Cunqueiro).

Por último, tras xuntar tódala a información obtida e estudar, mediante unha análise DAFO, as vantaxes e, sobre todo, as necesidades reais do barrio, podemos cumprir o último dos obxectivos do proxecto: levar a cabo una proposta de mellora e desenvolvemento económico. É a través destas propostas e suxerencias onde entra máis en xogo o noso compromiso co barrio de Vista Alegre, xa que a través destas, tratamos de mellorar os puntos débiles que os propios veciños nos comunicaron.

1.3. Localización xeográfica e historia

Ilustración 3: Ubicación de Vista Alegre



O barrio de Vista Alegre sitúase na zona noroeste da cidade de Santiago de Compostela, xusto na fronteira do espazo puramente urbano.

O primeiros asentamentos na zona de Vista Alegre remóntase a séculos atrás. Aínda que dispoñemos de pouca información sobre as primeiras fases da evolución da zona, da súa localización xeográfica (na periferia compostelá) dedúcese que tivo unha transformación que en liñas xerais sería comparable a de calquera núcleo rural galego. O único punto distintivo viría dado pola súa proximidade a unha urbe da importancia de Santiago de Compostela.

Ca expansión dos límites da cidade, un núcleo de orixe eminentemente rural foise transformando paulatinamente na súa estrutura socioeconómica, dando lugar a unha nova forma de vida no barrio.

Deixando de lado o Polígono de Vista Alegre, de aparición máis tardía (década de 1970) e cun nacemento baixo unhas circunstancias totalmente distintas, o que sería hoxe a rúa de Salvadas e rúa de Vista Alegre tivo unha transición máis lenta do que nun primeiro momento se podería chegar a pensar.

Segundo datos do Padrón Municipal de 1950, na rúa de Vista Alegre rexistráronse preto de 630 persoas. A media de idade das mesmas contrasta ca actual, pois mostraba unhas cifras moito máis baixas, sendo moi reducido o peso das persoas maiores no total da veciñanza. A mediados de século XX, a actividade económica dominante era a agricultura. Destaca sobre todo o feito de que unha gran porción da poboación ocupada traballaba como xornaleira, sendo menor os veciños que explotaban terras da súa propiedade.

Na rúa das Salvadas, en cambio, os datos do Padrón Municipal arrojan conclusións contrarias na ocupación dos veciños. A agricultura perde poder en favor de actividades terciarias vencelladas ao comercio minorista ou a manufacturas de carácter relativamente artesanal. No censo contanse ata 73 persoas residentes nas Salvadas.

O Índice de Contribución Industrial elaborado polo Concello do ano 1959 (publicado no 1960) posibilitáanos afirmar que o número de iniciativas empresariais oficiais é escaso en relación a outras zonas da urbe santiaguesa á vez que superior a zonas rurais máis afastadas da cidade (como Villestro ou Figueiras).

O sector industrial brilla pola súa ausencia, e como nos tempos a día de hoxe, o sector terciario acumulaba as actividades económicas non comprendidas na rama agrícola: establecementos hosteleros e de comestibles case que exclusivamente.

Non será ata as décadas posteriores cando Vista Alegre, finalmente, se conecte co resto da cidade mediante a urbanización de zonas agrarias situadas entre o barrio e o Casco Histórico.

Na construción desta continuidade urbanística, tivo un gran papel a aparición do Campus Norte como tal e as facultades nel incluídas. Como veremos máis detalladamente, a irrupción da USC na vida cotiá de Vista Alegre modificará e condicionará por completo a traxectoria da zona como ente viva e suxeita ao seu entorno inmediato.

No ano 1965 inaugúrase o Burgo das Nacións como lugar de residencia para estudantes universitarios. Como tal, a residencia non se atopaba nin se atopa actualmente dentro da zona analizada, pero si que produciu efectos directos sobre as dinámicas do barrio en sí.

Ilustración 4: Residencia Burgo das Nacións



No ano 1967 inaugúrase o Colexio Maior Gelmírez, outra residencia, pero de ente privado (a diferenza do Burgo das Nacións) e cuxo enderezo sitúase na Rúa Vista Alegre.

O Campus Norte non comezará a súa andaina ata o ano 1968, cando se inaugura a Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias, polo que ata ese momento, as residencias acollían estudantes de facultades localizadas no Casco Histórico.

Con posteioridade, novas facultades irán aparecendo nos arredores de Vista Alegre, como as de filoloxía e Ciencias da Comunicación, edificadas na época dos anos 90.

O outro gran impacto na nova configuración do barrio foi o levantamento do Polígono de Vista Alegre, elaborado no Plan Xeral de 1959 como unha zona urbana de uso residencial. Así, a construción do barrio realízase en tres fases.

Nun primeiro instante, entre 1970-1971, dá comezo a construción das primeiras vivendas, as cales localizábanse en terreos de titularidade pública, mentres que a realización das edificacións correron a conta de entes privados. Estas vivendas contaban con materiais de escasa calidade, o que repercutiu no deterioro que presentan en anos posteriores.

Ilustración 5: Primeiras vivendas de Vista Alegre



Por outra banda, tanto a segunda como a terceira fase datan do ano 1987. Nun primeiro lugar, estas vivendas seguían o patrón de edificación da pasada fase, pero é a finais deste ano no que se experimenta un cambio. Así, comézanse a facer vivendas cun signo identificativo que máis adiante será clave na evolución dos edificios: o elevador. Serán os bloques desta última etapa os únicos que disporán de ascensor ata a rehabilitación iniciada no 2013, ano no que comezará a remodelación do barrio tras ser declarado no ano 2006 como Área de Rehabilitación Integral.

Nos anos 80 e 90, comeza unha época negra en Vista Alegre, especialmente para o Polígono. Durante estas dúas décadas, a inseguridade e a expansión do consumo de estupefacientes estigmatizou o barrio como marxinal e problemático. Veciños que sufriron ese período contan como o barrio sufriu unha perda das capas de poboación con maior poder adquisitivo propiciada pola difusión da violencia que acompañaba á compra-venta de substancias ilegais.

Unha das institución máis relevantes na historia recente do barrio foi a Comunidade Rectora, formada polos veciños e nada no ano 1973. Rexíase coma unha cooperativa, que desempeñaba labores de intermediación entre veciños e construtoras do Polígono.

Nos anos 90 toma a forma de Asociación de Veciños, dando lugar a actual “Asociación de Veciños Álvaro Cunqueiro”. Deste xeito, os vecinos contan cun instrumento con maior capacidade na defensa dos intereses dos socios, no referido á situación urbanística (entre outras cuestión) e que fomenta prácticas de asociacionismo para solucionar os diversos problemas que se podan presentar.

Esta conta cun local situado na Rúa Diego Bispo Peláez, na que se realiza diversas actividades adicadas a veciñanza, ademais dun garaxe na mesma rúa con capacidade para 30 prazas. A día de hoxe a asociación encóntrase a espera de poder contar cun local para poder gardar material para o equipo de Vista Alegre, pero este baixo atópase aínda á demora da finalización das obras.

2. Vista Alegre na actualidade

Este breve percorrido pola historia, as institucións e a dinámica en épocas pasadas do Barrio de Vista Alegre achéganos non só un punto de partida para o noso estudo, senón que ao mesmo tempo, permítenos comprender moito mellor a súa situación actual.

A maiores do exhaustivo “traballo de campo” ao que xa nos referimos anteriormente, de forma complementaria, tamén nos servimos da nosa propia capacidade de observación á hora de enriquecer a análise con feitos ou problemáticas que a priori a veciñanza non destaca ou non ten tan en conta debido, en boa parte, a que existen unha serie de cuestións que acaparan a maioría da atención polo seu carácter máis urxente ou por teren máis visibilidade.

Xa fóra da interlocución e interacción directa co espazo e os axentes socioeconómicos que o compoñen, fixemos uso doutro tipo de instrumentos, tales como datos estatísticos (aínda que a nivel de rúas e barrios existan poucas referencias e sexan estas de acceso complicado) e documentos e estratexias a nivel municipal diseñadas con anterioridade.

Dentro destes plans ou estratexias levadas a cabo polo Concello de Santiago, o EDUSI (Estratexia de Desenvolvemento Sostible e Integrado, 2015-2025) ocupa un lugar preferencial.

Debido a que o obxectivo deste traballo é o de promover medidas dentro do propio marco da EDUSI axustándose aos seus obxectivos e liñas de actuación, consideramos adecuado levar a cabo o noso estudo seguindo a súa metodoloxía e estrutura na medida do posible, tendo en conta que hai aspectos que non podemos abordar pola simple razón de que teñen sentido dende un punto de vista de conxunto urbano pero non dende o punto de vista de un barrio en concreto.

2.1. A mobilidade

A mobilidade sempre se sitúa entre as temáticas máis relevantes dentro de calquera planeamento ou estudo en materia urbana. Por innumerables razóns, pódese dicir que a mobilidade é un factor condicionante para o desenvolvemento estritamente económico dunha cidade ou barrio, e ademais, tamén é moi relevante en canto á calidade de vida dos cidadáns e o seu benestar.

2.1.1. A infraestrutura viaria

A infraestrutura viaria de Vista Alegre está formada pola estrada que percorre as rúas de Vista Alegre e Salvadas, as calzadas das rúas do Polígono de Vista Alegre, e a da Avenida de Castelao.

Ilustración 6: Inicio estrada DP-0701



A primeira delas ten especial importancia, pois serve de conexión tanto co centro de Santiago en dirección Sur, como ca comarca do Val do Dubra e arredores en dirección Norte (cando sae do termo urbano, o vial pasa a denominarse como DP-0701).

Historicamente, a DP-0701 e a súa continuación dentro da cidade (onde incluímos Vista Alegre) foron a canle natural de comunicación entre a cidade compostelá e unha parte da súa área metropolitana, neste caso, a do Val do Dubra. Tendo en conta a función que desempeña Santiago de Compostela no seu contexto territorial, os movementos pendulares que se orixinan entre a cidade e a periferia (tanto a do Concello como as de fóra do municipio) son numerosos, e teñen a súa incidencia no día a día e nas dinámicas dos barrios que se ven afectados por este tipo de fluxos de desprazamento.

Conta de un carril para cada un dos sentidos, sendo a súa capacidade relativamente reducida, algo que sumado aos varios pasos de peóns e a os semáforos instalados onde conflúe a rúa de Vista Alegre ca Avenida de Castelao, provoca unha certa conxestión do tráfico en determinadas horas do día.

Ademais, nesta rúa encóntrase a problemática de que moitas arquetas sitúanse por debaixo do asfalto da calzada, o que pode acarrear repercusións no caso de que algunha tubaxe resulte avariada, xa que para poder solucionar o problema débese de levantar o asfalto, o que, ademais dun elevado custo relativo se o comparamos con que estas non estiveran soterradas por baixo da estrada, ocasiona dificultades futuros na infraestrutura viaria debido a que a reposición do asfalto produce problemas a medio e longo prazo ao deteriorarse a zona parcheada tras unha reparación, polo que este parche debe ser reparado continuamente, fundamentalmente en épocas de chuvia.

Por outra banda, o Polígono de Vista Alegre está interconectado con estradas tanto unidireccionais como bidireccionais construídas con adoquín (non con asfalto como na DP-0701).

Finalmente, temos a Avenida de Castelao, que nace á altura de Polígono. De tipoloxía bidireccional e con calzada de asfalto, atravesa Vite en dirección Suroeste para chegar a San Caetano e desembocar na N-550. Polo tanto, este é un vial de importancia, xa que a parte do anterior, tamén é un dos puntos de acceso ao Auditorio de Galicia, á Residencia do Burgo das Nacións, á Escola Oficial de Idiomas ou a varias facultades do Campus Norte da USC.

2.1.2. O transporte público

As liñas de transporte urbano que pasan por Vista Alegre son as seguintes: L5, L8, LC2 e LC4.

A opinión da veciñanza sobre o transporte público é bastante favorable, aínda que atopamos diferenzas na valoración por grupos de idade. Xeralmente, as persoas maiores adoitan sentirse satisfeitas cas rutas e horarios vixentes, en cambio, os veciños máis mozos (particularmente estudantes universitarios) presentan máis queixas.

Estas fundaméntase en que os percorridos son moi longos (os estudantes do Campus Vida que residen no Colexio Maior de Xelmírez perciben que os itinerarios cara esta parte da cidade son excesivamente dilatados) e que os horarios, a pesar da alta frecuencia de algunhas liñas, non son os máis eficientes nin os que máis se adecúan aos seus horarios.

2.1.3. Demanda de transporte

Santiago de Compostela caracterízase por un alto número de viaxes diarios por persoa, ben sexa por obrigación (estudos ou traballo) ou por outros motivos, e como xa comentamos antes, por ser protagonista dunha serie de movementos pendulares que ao fin e ao cabo aumentan a demanda de transporte da nosa cidade.

A adaptación do barrio ao tránsito ciclista brilla pola súa ausencia. É inexistente. En ningún punto se conta con carrís bici e na rúas de Vista Alegre e Salvados mesmo é perigoso a inclusión da bicicleta. A anchura da vía non é suficiente como para realizar adelantamentos por parte dos condutores, sobre todo en certas horas nas que hai tráfico en ambos sentidos, aumentando as probabilidades de que ocorra algún accidente.

2.1.5. A problemática do aparcamento

En referencia á cuestión do estacionamento de vehículos, o problema comeza tras a realización das obras, na que se chegaron a ampliar, nun primeiro momento, as beirarrúas de Vista Alegre, eliminando así as prazas establecidas na rúa. O comezo das obras teñen lugar no ano 2008, na que se produce ademais unha remodelación do trazado urbán, engadindo zonas de carga e descarga ou paradas de bus, que reduce aínda máis a oferta de aparcamento.

Por outra banda, teñen lugar no 2013 as obras para a mellora da mobilidade e accesibilidade no Polígono de Vista Alegre, onde se produce tamén a ampliación das beirarrúas de toda a zona, deixando a rúas como Rúa de Rianxo ou a Rúa de Santa Uxía de Arriba sen ningunha zona de estacionamento, limitando pois a oferta destas prazas e provocando un malestar social por parte da veciñanza, mais a perda de poboación de fóra da zona, a cal deixaba o seu vehículo na zona para poder ir traballar ao centro de Santiago de Compostela.

Para realizar un certo reequilibrio destas zonas, execútanse zonas de estacionamento para un máximo de 15 minutos, tanto na Rúa Vista Alegre coma na Rúa San Xoán, facilitando nesta última a parada no supermercado Gadis.

Ilustración 8: Señal de estacionamento



Outra medida adicada a veciñanza da zona é o establecemento de zonas de aparcamento para residentes na Rúa das Salvadas, o que pode desconxestionar a problema de aparcamento para a veciñanza. Estas zonas contan cunha dobre liña, unha de cor verde, que marca a zona de residentes, e outra branca, indicando zonas na que pode aparcar a poboación en xeral. Así, estas teñen un funcionamento peculiar, onde a “zona verde” convértese exclusivamente para residentes en horario nocturno, mentres que polo día comeza a ser “zona branca”.

Todo isto ten graves repercusións negativas para a economía da zona, xa que persoas alleas ao barrio, como se comentaba antes, deixan de aparcar o seu vehículo na zona, o que provoca que

a zona sexa menos visitada e a potencia do comercio local se reduza, efecto que comentan comerciantes da zona.

Contra isto, propóñense unha serie de medidas que serán comentadas con posterioridade.

2.2. Análise medioambiental

A calidade de vida e o benestar social vense afectados por moitas variables distintas, sendo unha delas é o entorno medioambiental e as súas peculiaridades. A definición de entorno medioambiental é en sí mesma ampla, aberta a innumerables aproximacións e consideracións.

Seguindo o guión da EDUSI, nós vamos a comentar algunhas das características susceptibles de impacto na calidade de vida que ofrece o barrio aos seus habitantes e tamén outros aspectos significativos para os visitantes.

Vista Alegre, dentro do entramado urbano santiagués, sitúase como unhas das zonas que menos contaminación acústica soporta.

As fontes deste tipo de contaminación son tres, principalmente: tráfico (aínda que suxeita a movementos pendulares, este non é suficiente como para ser un elemento mínimamente disruptivo ca emisión de ruídos), ocio nocturno (Vista Alegre non conta con establecementos de ocio nocturno como pubs ou discotecas) e actividade industrial/comercial (na estrutura produtiva de Vista Alegre tampouco existen este tipo de actividades económicas).

Ilustración 9: Colectores subterráneos



Sen embargo, o barrio conta con graves problemas ligados ao residuos urbáns. A problemática comeza no transcurso da realización das obras, na cal se decide construír colectores subterráneos, pero é na colocación dos mesmos onde se comete o erro, xa que se sitúan uns de dimensións máis reducidas aos que se deberían de colocar, polo que actualmente estes contedores encóntranse precintados.

O que isto orixina, ademais dun malestar social por parte de comerciantes e da veciñanza debido a non dispoñibilidade dos mesmos, é, por unha banda, problemas de hixiene pública, e por outra banda, a escasa capacidade para poder reciclar.

Comezando ca primeira repercusión, a modo de substitución temporal dos colectores subterráneos, colócanse na rúa Santa Comba colectores de residuos xerais exteriores, pero ca problemática de que estes carecen de tapa superior, o que produce a cuestión da baixa hixiene pública, ao que se suma as emisións de malos olores ou a falta de estética que os colectores sen tapa xeran.

Ilustración 10: Colectores exteriores



Por outra banda, e facendo fincapé nas queixas dos comerciantes da zona, a inutilidade dos colectores subterráneos provocan que a reciclaxe se dificulte debido a escaseza de colectores amarelos (envases plásticos), azules (papel e cartón) e verdes (vidro), no que relacionando este último tipo de contedor, recibíronse bastantes queixas ocasionadas polos bares da zona, que non poden verter os envases de vidro nestes contedores xa que moitas veces encóntranse completos, ademais das dificultades que os comerciantes encontran para verter os seus sobrantes plásticos e de papel.

No referido á dotación de espazos libres públicos, Vista Alegre atesoura parques como o de Vista Alegre (tamén coñecido como Finca Simeón) ou o de San Xoán.

O primeiro discorre paralelo á rúa das Salvadas. De grandes dimensións (35.000 metros cadrados), consta de gran riqueza botánica, amplas zonas de céspede, sendeiros e bancos e un parque infantil.

En épocas pasadas, a finca pertenceu á familia Simeón, vinculada ao mundo bancario de Santiago de Compostela e que acumulou gran poder e influencia. Ata o 1995 non pasou a máns do Consorcio de Santiago e en 2003, tras un proceso de rehabilitación, convértese en parque público. Participa, en anos posteriores, no plan Urbana Santiago Norte, ademais de recibir financiamento por parte do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

A maiores, na Finca Simeón elévanse cinco edificacións pertencentes a institucións públicas:

Ilustración 11: Casa de Europa



Casa de Europa: antigamente unha residencia privada dos Simeón, de principios do S.XX e estilo colonial, agora xestiónase como aloxamento para profesorado universitario de fóra da USC que está a realizar actividades docentes ou de investigación en algún dos Campus composteláns.

Ilustración 12: Centro de Estudos Avanzados da USC



Centro de Estudos Avanzados da USC (CEA): este proxecto, iniciado en 2001, ten como obxectivo a coordinación de procesos relacionados cos doutoramentos dentro da USC. Do mesmo xeito que a Casa de Europa, as instalacións cedéronse á USC en réxime de usufruto por parte do Consorcio.

Ilustración 13: Escola Municipal de Música/Escola de Altos de Estudos Musicais



Escola Municipal de Música/Escola de Altos Estudos Musicais: nun mesmo edificio desenvolven as súas actividades tanto a Escola Municipal de Música como a Escola de Altos Estudos Musicais (baixo competencia da Xunta de Galicia, creada no 1997 e fortemente relacionada ca Real Filharmonía de Galicia).

Ilustración 14: Museo de Historia Natural da USC



Museo de Historia Natural da USC: localizado no Parque de Vista Alegre dende o 2011, ofrece exposicións permanentes e temporais. O seu valor dende o punto de vista do patrimonio cultural é indescribable, pois gracias ás numerosas aportacións que foi recibindo dende o S.XIX, é considerado como a colección galega máis importante no ámbito da investigación das ciencias naturais.

Ilustración 15: Sede da SGAE/Fundación Autor



Sede da SGAE/Fundación Autor: dende o 2008, a Sede SGAE/Fundación Autor sitúase como un lugar de promoción das artes escénicas, audiovisuais e musicais. Equipado cos instrumentos e espazos necesarios, é utilizado en concertos, conferencias, representacións teatrais, etc. Parte das súas instalacións están ocupadas pola Sede Territorial da SGAE Galicia.

Finalmente, no Polígono de Vista Alegre, destaca o Parque de San Xoán como o espazo ao aire libre de maior entidade (dotado de elemento lúdicos para nenos), xunto cas pistas multideporte. Así e todo, no resto do Polígono, son habituais as áreas verdes de menor tamaño.

Ilustración 16: Parque de San Xoán



Referíndonos ao estado de conservación deste tipo de infraestruturas, semella que as queixas da cidadanía se concentran no mantemento deficiente deste tipo de superficies no Polígono. A desatención por parte das institucións públicas no Parque de Vista Alegre é moito menor, gozando de coidados continuos.

Fóra do Vista Alegre, pero limitando co Polígono ubícanse outros pequenos parques como o de Avío de Arriba e o de Avío de Abaixo.

2.3. A estrutura económica

O barrio de Vista Alegre é un barrio eminentemente residencial, aínda que no seu interior se desenvolven unha serie de actividades produtivas que o dinamizan e o diferencian de outros puntos da cidade “especializados” ou ben na función produtiva ou na de habitabilidade, pero sen unha presenza significativa de ambas vertentes.

Unha vez dito isto, hai que aclarar que o tecido produtivo do Barrio de Vista Alegre concéntrase no sector terciario. O sector secundario é totalmente inexistente (non hai ningún tipo de industria radicada no nos espazo xeográfico de análise), e o primario redúcese á explotación fóra do mercado de certas fincas privadas situadas detrás da rúa de Salvadas e Vista Alegre, entre o espazo urbano e a parte rural da parroquia de San Xoán de Vista Alegre (que escapa dos límites físicos que nos impuxemos neste informe).

Volvendo ao sector servizos (que, como non pode ser doutra maneira, vai ser o centro do estudo económico), o primeiro que se pode dicir é que as pequenas empresas (xa non as medianas) son as protagonistas en Vista Alegre.

Ilustración 17: Pequenos negocios



Baixo a figura de autónomos ou de Sociedade Limitada, os pequenos comercios, establecementos ou negocios da zona brindan servizos de proximidade sobre todo aos propios veciños. Estámonos a referir a tendas de comestibles, perruquerías, pequenos negocios que ofrecen servizos de reparación, restauración, hostelería, etc. En algunhas ocasións, son veciños quen rexentan ou traballan nestas empresas.

Xa baixo outra categoría atopamos establecementos pertencentes a grandes corporacións (oficinas bancarias e supermercados), os cales teñen un comportamento diferente e obedecen a lóxicas distintas (ata certo momento).

Os retos e problemáticas aos que se enfronta o comercio local son comúns, aínda que según a rama produtiva a intensidade dos efectos varía. A escaseza de prazas de aparcamento non repercute negativamente nos veciños de forma exclusiva, senón tamén en moitos negocios que ven a súa capacidade de atracción de demanda de fóra do barrio limitada ante escasa

accesibilidade. Historicamente, Vista Alegre operou como un dos puntos de venda frecuentados por habitantes da área metropolitana norte, moitos dos cales vense obrigados a empregar vehículos privados para completar o desprazamento e que agora teñen máis dificultades para estacionar.

A baixa oferta de prazas non limita o crecemento na actualidade unicamente, xa que é un hándicap a maiores para a diversificación do tecido produtivo para os anos vindeiros. Certas actividades novidosas que se poderían chegar a desenvolver terían moi complicado sen rendibles se os seus clientes non poden aparcar durante un tempo relativamente prolongado.

Outras das preocupacións dos empresarios é a estacionalidade da demanda. Os estudantes universitarios que ocupan pisos no barrio ou viven en residencias próximas son un compoñente fundamental para a viabilidade de algúns comercios (outros non se ven afectados polas variacións deste nicho de mercado). En verán, os primeiros voltan aos seus fogares diminuíndo unha demanda agregada que non é suplida pola maior entrada de turistas como sí ocorre no centro de Compostela.

O turismo, moi presente no conxunto da cidade, ten unha menor trascendencia en Vista Alegre. Existen dous hostais no barrio de pequeno tamaño, que centran a súa estratexia de negocio na diferenciación por calidade do servizo, pero o barrio actúa nada máis que como lugar de pernoctación. O casco histórico acumula a meirande parte do gasto destes visitantes.

No tocante a aspectos positivos que recalcan os entrevistados (oferentes e demandantes) é a relativa amplitude de servizos e produtos básicos aos que se pode acceder, tendo en conta que estamos a falar dun barrio periférico, sendo a fidelización da clientela mediante o trato persoal e directo o gran instrumento a favor do comercio local.

Por suposto, certas institucións dependentes do sector público (a Escola Municipal de Música, por exemplo, ofrece un servizo de formación) e o caso particular dos servizos de residencia que ofrece o Colexio Maior de Gelmírez, contribúen ao sector produtivo de Vista Alegre, aínda que con unha menor vinculación co mesmo.

2.4. Análise social

Nos tempos actuais, a estrutura demográfica de Vista Alegre segue as pautas dunha sociedade moderna occidental. Unha boa parte dos seus habitantes encádranse dentro da terceira idade. Adoitan ser pensionistas que fixaron a súa residencia no barrio dende moitos anos atrás ou incluso naceron nel, algo que fomenta o nacemento dun sentimento de pertenza.

En contraposición, durante o curso universitario, moitas das vivendas tanto do Polígono como das rúas Vista Alegre e Salvadas son alugadas por estudantes, sobre todo para aqueles cuxas facultades se sitúan no Campus Norte. Cómpre destacar con respecto a este fenómeno a dificultade para a cuantificar do número de universitarios aloxados en Vista Alegre (a excepción dos que residen no Colexio Maior). Por tanto, é evidente que existe unha descompensación

entre poboación de dereito (a que figura no Padrón municipal, con unha media de idade máis alta) e a de feito (onde se inclúen os estudantes).

Algúns veciños e empresarios comentáronnos que ca apertura de novas facultades en outras cidades galegas, a relevancia deste colectivo no barrio diminuíu. A pesar de todo, o baixo prezo dos alugamentos e a súa situación continúan sendo factores relevantes que empurran a moitos estudantes a escoller Vista Alegre para vivir durante o período lectivo, aínda que segundo a sensación de moitos empresarios e comerciantes, éstos non están tan vinculados ao barrio como en épocas pasadas.

Froito desta evolución demográfica, é preocupante o incremento de fogares unipersonais compostos por anciáns. Estas persoas enfróntanse de forma moi seria a situacións de exclusión social e marxinación. Por un lado, a reducida mobilidade deste colectivo fai máis urxente a presenza de elevadores nas vivendas, e polo outro, tamén se reclaman actividades e estratexias que enriquezan e permitan ampliar a calidade de vida dos maiores (a través de cursos no centro sociocultural ou accións similares).

É dicir, desenvolven as súas actividades cotiás (sobre todo as relacionadas co ocio) noutras áreas de cidade que satisfán as súas preferencias en maior medida, polo que moitos negocios perden parte do seu posible mercado.

En rasgos xerais, a nivel adquisitivo dos veciños califícase (según as súas propias palabras) como medio-baixo. A relativa facilidade de acceso a vivenda unida a unha evolución histórica que como vimos modificou a constitución do barrio por clases sociais, están detrás de esta realidade.

O mal estado de varios bloques de edificios e outras infraestruturas contribuíron a alimentar a imaxe de marxinidade que estigmatizou durante moitos anos ao barrio, aínda que a situación actual dista moito da de décadas pasadas.

Dende o nomeamento do Polígono de Vista Alegre como Área de Rehabilitación Integral, e tras o deseño executáronse (ou aínda están en proceso) varias reformas e rehabilitacións cuxo fin non era outro que o de lograr melloras na estética e na funcionalidade dos bloques edificados. Por exemplo, unha das vías de actuación foi a da rehabilitación das fachadas e a instalación de elevadores, cunha clara motivación de revalorización das vivendas, á vez que se atendían aspectos máis prácticos como o da eficiencia enerxética e a accesibilidade.

Ilustración 18: Rehabilitación de fachadas e elevadores



Ata un 45% da cuantía das obras podería ser aportado por administracións públicas (35% polo Ministerio de Fomento e 10% a Xunta de Galicia), adoptando o Concello a tarefa de asesoramento e intermediación ca veciñanza.

A posta en marcha dos proxectos destacou e destaca pola súa lentitude e escaseza de fluidez. Sendo declarada como zona ARI no ano 2006, a primeira licencia non chegou a concederse ata o ano 2011, e na actualidade varias edificacións están a espera de recibir tanto os permisos coma as aportacións públicas.

Ilustración 19: Cableado colgante



O Plan de Rehabilitación contemplaba, así mesmo, a remodelación dos espazos públicos (zonas verdes, parques infantís, colectores de lixo subterráneos, etc.), a cal non foi comezada ata finais do ano 2015 e aínda na actualidade non se pode afirmar que fora concluída: unha fracción do cableado encóntrase á vista, con enganches nas fachadas e colgando de postes de madeira, cando por lei debería soterrarse e os colectores non son operativos.

Durante o período de obras moitos negocios víronse afectados e perderon compradores, e xunto cos residentes laméntase da tardanza na realización das mesmas e da falta de coordinación entre as comunidades de veciños, gracias á cal se podería ter reducido o custo final e un resultado máis atractivo esteticamente.

A seguridade cidadá mellorou notablemente nos últimos anos, de feito xa non é unha cuestión de prioridade nin moito menos para os veciños, como sí o chegou a ser décadas atrás. Non se percibe unha sensación de inseguridade nin de presenza policial insuficiente.

A poboación de dereito de Vista Alegre destaca no contexto compostelán por ser unha das máis vinculadas e comprometidas co seu barrio, existindo un sentimento de pertenza e de diferenciación moi forte. A Asociación de Veciños Álvaro Cunqueiro é das máis activas de todo o Concello e aínda que pasou por épocas mellores, o clube de fútbol S.D. Vista Alegre continúa a súa andaina como elemento de representación do barrio.

Este compromiso demóstrase tamén co apoio ao comercio local que resaltan varios dos empresarios e traballadores entrevistados.


3. Propostas para mellorar o espazo

O desenvolvemento urbán necesario para o barrio de Vista Alegre irémolo establecendo con posibles melloras, e para iso teremos en conta os puntos de vista de veciños e opinións de comerciantes.

-En primeiro lugar, comezamos con unha das principais preocupacións por parte, tanto da veciñanza, como dos comerciantes locais: a limitada facultade para poder estacionar. Para poder afrontar este problema, propóñense tres ideas de mellora:

Ilustración 20: Remodelación das rúas unidireccionais

- 1. Rúas unidireccionais:** Como podemos observar na imaxe, o que se pretende é realizar unha remodelación na dirección na que deberían circular os vehículos, convertendo rúas como a de Santa Comba en unidireccionais, conseguindo así máis espazo para poder efectuar zonas de aparcamento. Ademais desto, o que se podería aproveitar son as zonas adxacentes con circulación, tanto ao parque de San Xoán, como ao parque que se encontra na parte superior da Rúa Bispo Diego Peláez.



Fonte: Aportación da asociación de veciños.

- 2. Parking subterráneo:** como xa se había presentado fai uns anos, o que se pretende é construír un parking por debaixo do parque de San Xoán aproveitando o espazo sen ter que habilitar unha zona exterior. Ao comezo do proxecto, tratábase dunha concesión a 65 anos, onde o grupo de persoas que querían realizar a obra para obter unha praza de garaxe formaron unha especie de cooperativa para o financiamento do garaxe, pero estes non estaban de acordo ca concesión a 65 anos, xa que sería o Concello quen, tras pasar o período da concesión, tería a titularidade da instalación.
- 3. Párking disuasorio:** preténdese realizar este tipo de aparcamento co fin de alentar á poboación que se despraza diariamente a Santiago de Compostela a estacionar o seu vehículo na zona, e a partir de aquí facer uso de transbordos ao centro da cidade

empregando o transporte público (ou outros medios de transporte non contaminantes como a bicicleta), fomentando a mobilidade sostible. Isto repercutiría tamén positivamente no barrio, pois ao ofrecer máis prazas de estacionamento os comercios locais serían máis accesibles.

Estas iniciativas de Park & Ride desenvólvense con moito éxito en varias cidades españolas como Barcelona, e na nosa opinión pode constituír un activo a futuros incluso se se produce unha transformación nas formas de transporte. Todo apunta a que os vehículos privados seguirán tendo preeminencia (aínda que se servirán dunha tecnoloxía menos contaminante) co que se prolongarán os atrancos derivados do aparcamento e a conxestión.

-Por outra banda, encóntrase o outro problema principal: os colectores de lixo e as súas repercusións, para o que se propón:

1. A mellora fundamental que se debe realizar é o cambio dos colectores de lixo subterráneos, xa que está sendo o causante de problemas asociados, como pode ser o emprego de contedores sen tapa na Rúa Santa Comba ou a falta de reciclaxe por parte da veciñanza e establecementos comerciais.

2. Concienciación cara a veciñanza e comerciantes para realizar unha maior reciclaxe dos residuos, aproveitando os distintos tipos de colectores de lixo para o seu debido uso.

-En referencia ao estado da calzada e máis das beirarrúas, deberíase de solucionar, en primeiro lugar, o problema de baldosas que se encontran en mal estado, realizando, na medida do posible, unha renovación destas nas zonas na que non se produciron as pasadas obras.

Ademais desto, débese mellorar a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida, impulsando a creación de rebaixes nas beirarrúas e substituíndo ou complementando zonas de escalóns por rampas adicadas a estas persoas.

Finalmente, en relación con este tema, deberíase de facer un chamamento á veciñanza para manter, tanto os parques da zona como as propias beirarrúas, en mellor estado hixiénico, evitando botar o lixo nestos lugares e empregando os colectores debidamente establecidos para o seu fin.

-Para fomentar o comercio local do barrio, o que se idea é a realización dunha páxina web como forma de asociacionismo comercial, por un lado para darse a coñecer, non só no barrio propiamente, senón á cidade de Santiago de Compostela en si, e por outro lado como unha forma de asociacionismo entre os distintos empresarios, dándose a coñecer entre eles para poder impulsar os seus comercios de forma conxunta. Ademais, pode axudar a promocionar o barrio, onde esa páxina web, ademais do comercio, debería conter información acerca do barrio, creando un sitio onde poder coñecer a zona máis a fondo.

-En referencia as pasadas obras, débese rematar o cableado que se encontra colgando por fóra dos edificios, unha das principais preocupacións da veciñanza. Así, deberíase soterrar estas conducións, substituíndo os enganches nos edificios e postes de madeira, que deixan unha mala imaxe do barrio.

Ilustración 21: Cableado colgante II



-Respecto aos parques e zonas verdes do barrio de Vista Alegre, recomendaríase realizar unha mellora na prestación de servizos de xardinería, onde se debería efectuar unha poda e coidado do céspede con máis frecuencia a que se está experimentando. Ademais, débense mellorar as obras realizadas nas zonas mencionadas, resolvendo a falta de suxección da terra, xa que pode acarrear problemas futuros, como é que en épocas de chuvia, este “desbordamento” da terra hacia beirarrúas fai que se ensucie e poda causar dificultades de mobilidade aos viandantes, ademais de problemas de saneamento da auga ao filtrarse esa terra polas arquetas, producindo así taponamentos que implicarían a dificultade da corrida da auga, mais un gasto innecesario no destaponamento do mesmo.

Outro aspecto de mellora sería cubrir o campo de fútbol e de baloncesto no parque de San Xoán, xa que cun clima oceánico como é o de Santiago de Compostela, o emprego destas pistas en certas épocas do ano é practicamente nulo, polo que ao converterse en cubertas, foméntase o emprego das mesmas, ademais dunha forma de reclamo por parte da mocidade que tende a realizar deportes que procuran este tipo de instalacións.

-No aspecto social, poderíase ampliar o tempo de duración dos cursos realizados na Asociación de Veciños Álvaro Cunqueiro, na que se imparte clases de informática, por exemplo. Con isto, poderíase ademais ampliar a oferta dos mesmos, incrementando a diversidade de estos e centrando algún para a poboación máis envellecida, facendo desta forma un chamamento social para que a veciñanza poda pasar máis tempo na asociación, como se facía antigamente.

4. Diagnose da situación da área urbana

4.1. Análisis DAFO: Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades.

A partir do análisis DAFO, extraeremos un diagnóstico da situación na que se atopa o barrio de Vista Alegre. É de carácter transversal, o que permite identificar claramente os problemas e as necesidades como tamén os seus activos e potenciais. Realizaráse un análise interno, no que se atopan as debilidades e as fortalezas, e un análise externo con ameazas e oportunidades que ten a zona a estudar.

Análise interno	Análise externo
Debilidades	Ameazas
<ul style="list-style-type: none"> -Problemas de accesibilidade nas beirarrúas, xa que non contan con rebaixas ou rampas nalgúns tramos de escadas. -Varandas mal colocadas en desniveis da rúa que supoñen un gran risco. -Falta de colectores para recollida de papel e o deterioro dos verdes do lixo xa que se atopan sen tapa. Os soterrados non están dispoñibles. -Mal estado do cableado aéreo polas fachadas dos edificios, con caixas abertas amarradas ás ventás que entrañan perigo aos veciños. -Falta de rehabilitación nas baldosas das aceras. -Ascensores dos edificios en mal estado, e en algúns casos inexistentes. -Falta de zonas de aparcamento. 	<ul style="list-style-type: none"> -Conxestión de tráfico nas horas puntas do día debido a movementos pendulares da poboación. -Envellecemento da poboación do barrio. -Desvinculación do número de universitarios no campus norte. -Pérdida de protagonismo do comercio local. -Redución da demanda da Universidade de Santiago de Compostela, pola creación doutras universidades en todo Galicia. -Mal coidado das zonas verdes desde as obras realizadas, principalmente, tendo en conta tamén o mantemento dos parques.

<p>-Desaxuste entre a poboación de feito e de dereito.</p> <p>-Mala organización dos horarios de recollida de residuos urbanos.</p>	
<p>Fortalezas</p>	<p>Oportunidades</p>
<p>-Non hai contaminación acústica sendo unha zona tranquila.</p> <p>-Boa calidade do aire.</p> <p>-Reducido prezo relativo dos alugueres tanto dos comercios locais como das vivendas.</p> <p>-Elevada superficie de zonas verdes públicas. Alto ratio por habitante.</p> <p>-O campus universitario ao igual que as residencias como dinamización do barrio.</p> <p>-Boa ubicación xeográfica para os desprazamentos cara o centro.</p>	<p>-Aparcamiento disuasorio para fomentar a iniciativa “park and ride”.</p> <p>-Acceso de todos aos recursos medioambientais e paisaxísticos.</p>

5. Novas do barrio en medios de comunicación

A continuación mostramos unha serie de novas de diferentes xornais, todas elas de recente publicación, xa que son do ano 2019, excepto unha que é do 2018. Estes titulares permítenos reforzar a análise socioeconómica feita nos anteriores apartados ao reflectir, á perfección, as necesidades reais que os veciños nos foron transmitindo nas entrevistas e que existen, a día de hoxe, no barrio de Vista Alegre.

En primeiro lugar, atopámonos con dúas novas que se fan referencia ao pésimo estado das beirarrúas de Vista Alegre. É un asunto relevante, xa non só polo que se refire á “estética” do barrio, senón polos accidentes que están a ocasionar ao estar levantadas e converterse así nun estorbo á hora de camiñar por enriba delas.

Ilustración 22: Novas de Vista Alegre

Continúan las caídas por el lamentable estado de las aceras

Trasladada al hospital una mujer tras tropezar en Vista Alegre // No fue el único incidente




La mujer que sufrió la caída en Vista Alegre tuvo que ser trasladada hasta el hospital - FOTO: ECG

Comentar (1) Imprimir Enviar por correo

MANUEL RODRÍGUEZ SANTIAGO | 06.03.2019

Arreglo por fin de las aceras en Vista Alegre después de la enésima caída

Esta misma semana una mujer acabó en el hospital al tropezar con una baldosa



Trabajos de reparación del pavimento en el barrio de Vista Alegre - FOTO: Antonio Hernández

Comentar (1) Imprimir Enviar por correo

ECG | 08.03.2019

Fonte: El Correo Gallego

Por outra banda, as seguintes dúas, céntranse nun dos múltiples desperfectos dunhas obras que, en teoría, remataron, pero que na práctica se quedaron a medias. Sen dúbida, o tema dos destrozos que ocasionaron as obras e as avarías que quedaron pendentes de corrixir, especialmente a do cabreado que quedou colgando por fóra dos edificios, é un dos temas no que máis ímpete fan os veciños do barrio.

Vista Alegre se convierte en un océano de tierra y cables colgantes

Los jardines están llenando de polvo todas las calles del barrio // Los contenedores subterráneos siguen sin funcionar // Muchos de los bajos aún no se han rehabilitado



Cables colgando por las fachadas de los bloques de Vista Alegre - FOTO: ECG

Comentar (1) Imprimir Enviar por correo



C. NOYA, SANTIAGO | 05.11.2018


A- A+



Fonte: El Correo Gallego

Finalmente, atopamos outra nova que nos permite falar de dous temas tamén relevantes á hora de analizar as necesidades do barrio. Por un lado, a problemática da recollida de lixo, xa comentada noutros apartados e por outro, a falta de civismo, que segundo nos transmitiron nalgúnhas das entrevistas, existe por parte dalgúns veciños do barrio. Os veciños que facían referencia a esa falta de civismo, centrábanse, máis que nada, no feito de que non existe una responsabilidade, cen por cen consolidada, por parte de tódolos veciños que viven alí. Isto leva a que, nalgúnhas ocasións, aconteza o que se reflicte na nova, xa que moitos non preocupan en chamar para que recollan os muebles ou colchóns que deixan tirados, durante días, na rúa.

Quejas por un colchón tirado en pleno barrio de Vista Alegre



Comentar (0) Imprimir Enviar por correo



REDACCIÓN | 25.04.2019

A- A+

Fonte: El Correo Gallego

6. Webgrafía

EDUSI. *Estratexia de Desarrollo Urbano Sostenible integrado de Santiago de Compostela 2015-2025*. [online] Recuperado de: http://transparencia.santiagodecompostela.gal/media/documentos/Estratexia_EDUSI.pdf [Consultado 9 Abril 2019].

El Correo Gallego (2018). *Vista Alegre se convierte en un océano de cables colgante*. [online] Recuperado de: <https://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/vista-alegre-convierte-un-oceano-tierra-cables-colgantes/idEdicion-2018-11-05/idNoticia-1146385/> [Consultado 25 Abril 2019].

El Correo Gallego (2019). *Continúan las caídas debido al lamentable estado de las aceras*. [online] Recuperado de: <https://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/continuan-caidas-lamentable-estado-aceras/idEdicion-2019-03-06/idNoticia-1169653/> [Consultado 25 Abril 2019].

El Correo Gallego (2019). *Arreglo por fin de las aceras en Vista Alegre después de la enésima caída*. [online] Recuperado de: <https://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/arreglo-fin-aceras-vista-alegre-despues-enesima-caida/idEdicion-2019-03-08/idNoticia-1170104> [Consultado 25 Abril 2019].

El Correo Gallego (2019). *Quejas por un colchón tirado en pleno barrio de Vista Alegre*. [online] Recuperado de: <https://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/quejas-un-colchon-tirado-pleno-barrio-vista-alegre/idEdicion-2019-04-25/idNoticia-1179181/> [Consultado 27 Abril 2019].

El Correo Gallego (2019). *Vista Alegre: las obras de nunca acabar*. [online] Recuperado de: <https://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/vista-alegre-obras-nunca-acabar/idEdicion-2019-01-24/idNoticia-1161088/> [Consultado 25 Abril 2019].

Guía de aprendizaje-servicio para el alumnado. Recuperado de: [file:///C:/Users/Iria/AppData/Local/Packages/Microsoft.MicrosoftEdge_8wekyb3d8bbwe/TempState/Downloads/GuÃ-a%20de%20aprendizaxe-servizo%20para%20alumnado%20\(1\).pdf](file:///C:/Users/Iria/AppData/Local/Packages/Microsoft.MicrosoftEdge_8wekyb3d8bbwe/TempState/Downloads/Gu%20a%20de%20aprendizaxe-servizo%20para%20alumnado%20(1).pdf) [Consultado 15 Abril 2019].

7. Anexo

7.1. Cuestionarios empregados para os diferentes axentes

Levamos a cabo una serie de preguntas para as diversas entrevistas que se foron facendo en base ao tipo de axunte de iba dirixido. Estes cuestionarios elaboráronse antes da reunión que tivemos con todas as persoas coas que ibamos ter algún tipo de contacto.

Sen embargo, atopámonos con axentes cos que tivemos que adotarnos en base as diversas características.

Entrevistas á Asociación de Veciños de “Álvaro Cunqueiro”, comerciantes e mesmo aos veciños:

- Por que elixiron vivir no barrio de Vista Alegre?
- Ambiente social que se pode atopar.
- Como o valorariades?
- Que cree que é o mellor que ten o barrio? ¿E o peor?
- Que pensas respecto ao tráfico do barrio?
- Pensas que faltan servicios?
- Recomendarías o barrio para vivir?
- A oferta comercial é boa? Ou pensas que faltan servicios?
- Tivestes algún tipo de axuda característica? FEDER?
- Vantaxes e desvantaxes.
- A demanda tivo cambios significativos nos últimos anos?
- Os locais, ao igual que as vivendas, considéraos precios asequibles? ¿Alquiler ou propiedade?
- Hai un bo servicio de recollida de residuos?
- O aparcamento provoca algún tipo de problema a foráneos ou residentes?
- Qué opinas do estados das infraestructuras? Houbo melloras?
- Que opinas sobre a conexión con outras zonas de Santiago? Líneas de autobús?